

# INFILTRACIÓNS

Díálogos coa colección do Museo de Pontevedra

## Alberto Baraya. *Vento*

DO 25 DE OUTUBRO DE 2024

AO 2 DE MARZO DE 2025

Edificio Castelao

Museo de Pontevedra



Deputación  
Pontevedra



MUSEO  
PONTEVEDRA

**DOSSIER PARA  
MEDIOS DE  
COMUNICACIÓN**

## **Infiltracións. Diálogos coa colección do Museo**

### **Alberto Baraya. Vento**

Do 25 de setembro de  
2024 ao 2 de marzo de  
2025

Museo de Pontevedra,  
Edificio Castelao

Comisario:  
Iñaki Martínez  
Antelo

*Vento* é o título do proxecto que o artista Alberto Baraya (Bogotá, Colombia, 1968) presenta dentro do ciclo de exposicións *Infiltracións*, o cal ten como propósito realizar proxectos específicos relacionados con obras do Museo de Pontevedra. Cada ano convídanse dous artistas a investigar e traballar coa colección, como unha maneira de fomentar a construción colectiva de aprendizaxes e incorporar progresivamente os discursos contemporáneos ao museo, ofrecendo novas lecturas sobre os seus fondos.

Neste proxecto, Alberto Baraya, pintor, fotógrafo e viaxeiro contemporáneo, céntrase nas numerosas pinturas de paisaxes mariñas, maquetas de embarcacións, cerámicas, planos, instrumentos de navegación e outros elementos relacionados co mar que habitan a colección deste museo. A presenza de todas estas creacións evidencia o fondo arraigamento da nosa tradición mariñeira.

Ao mesmo tempo, Baraya revaloriza períodos históricos nos que parece ser que se chegaron a utilizar velas de barco como soporte para elaborar pintura colonial en América. Así mesmo, recupera a tradición pictórica da paisaxe, resignifica a práctica da pintura plenairista e referencia determinadas



Deputación  
Pontevedra



MUSEO  
PONTEVEDRA

experiencias pictóricas conceptuais. O pintor-viaxeiro (ou o artista-viaxeiro, se pensamos en figuras coma Bas Jan Ader) quere habitar e capturar a paisaxe mentres transita por ela.

Este verán o artista realizou unha acción de certa complexidade: debía navegar pola ría de Pontevedra nunha barca de vela e plasmar, nesta mesma vela, a paisaxe que ía contemplando ao longo da travesía. Novas reflexións sobre a pintura plenairista e técnicas de pintura rápida xurdían nun propósito que podía parecer inviable. Ese *Vento* que lle dá título ao proxecto era necesario para que a vela impulsase a barca e, á vez, fose lenzo en branco para o artista, pero cuxa intensidade deixaba ao azar a posibilidade de completar a acción. Esta experiencia non sería posible sen a colaboración dos Galos, asociación de amigas e amigos das embarcacións tradicionais de Bueu, e da Escola Naval de Marín.

Os resultados preséntanse nas salas da primeira planta do Edificio Castelao. Así, expónse a vela pintada nesta travesía, a modo de gran lenzo, acompañada dunha peza de vídeo que resume a acción. Ademais, móstranse un conxunto de cadros, debuxos, maquetas de barcos e outros elementos, todos relacionados co mar e pertencentes ás coleccións do Museo de Pontevedra.



## AS OBRAS EXPOSTAS

A exposición inclúe a vela que Alberto Baraya interveu este verán e unha gravación en vídeo daquela acción.

*Vento*, 2024

Vela trinquete de algodón intervinda con debuxo en tintas textiles  
400 x 400 cm

*Vento*, 2024

Video, 6 min



Xunto a elas, un conxunto de obras da colección do Museo, na súa maior parte procedentes da zona de reserva e non expostas habitualmente:

### Óleos

- ≈ Juan de Toledo (atribuído, s. XVII)
- ≈ William James (s. XVIII)
- ≈ Carmen Babiano (s. XIX)
- ≈ Jenaro Pérez Villaamil (s. XIX)
- ≈ Juan Pérez Villaamil (s. XIX)
- ≈ Martín Rico Ortega (s. XIX)
- ≈ J. Jeo (s. XIX)
- ≈ Isidro Posadillo (s. XIX)
- ≈ Francisco Torres Arias (s. XIX)
- ≈ J. Navarro Lloréns (s. XX)
- ≈ Domingo Carles Rosich (s. XX)



Deputación  
Pontevedra



MUSEO  
PONTEVEDRA

- ≈ Anónimos do s. XIX

### **Augadas**

- ≈ Ceferino Olivé (s. XX)
- ≈ Rafael Alonso (s. XX)
- ≈ Anónimas do s. XIX

### **Debuxos**

- ≈ Ramón Gil Rey (s. XIX)
- ≈ Carmen Babiano (s. XIX)
- ≈ Alfonso D. Rodríguez Castelao (s. XX)
- ≈ Amancio Landín (s. XX)
- ≈ Alberto Baraya (s. XXI)

### **Gravados**

- ≈ Claude Joseph Vernet (s. XVIII)
- ≈ F. Monje y Merino (s. XIX)
- ≈ Anónimos do s. XVIII

### **Outras pezas do s. XX**

- ≈ Modelo de dorna de Sebastián Gondar
- ≈ Modelos de polbeiro e gamela
- ≈ Pementeira de pinza de boi
- ≈ Poteira de chumbo, ferro e fío

*Este proxecto expón unha reflexión sobre os medios físicos da pintura e da navegación a vela. Se o proceso dunha viaxe, antes de partir, comeza coa concepción dunha idea, dunha utopía nas nosas mentes, Vento permite a formación desa imaxe entre o porto de saída e de chegada. A imaxe devén realidade (pintura) durante o traxecto; Vento sopra a imaxe que impulsa unha viaxe. Ao chegar, probablemente poderemos constatar que esa imaxe era, efectivamente, unha necesaria ilusión.*



**Alberto Baraya**

## ALBERTO BARAYA

A obra de Alberto Baraya sempre cuestionou o paradigma científico e defendeu a arte como forma de coñecemento e ferramenta de reflexión sobre os actos estéticos da vida cotiá. Desde 2002 Baraya desenvolveu un dos seus traballos máis celebrados: o proxecto *Herbario de plantas artificiales*, un conxunto paródico de recoleccións e estudos de botánica falsa; plantas de plástico, arame e seda *made in China*, co que tentar reconstruír a identidade das relacións entre o ser humano e a natureza. As súas coleccións artificiais foron presentadas nas bienais de arte de São Paulo (2006), Venecia (2009), Berlín (2014) e Shanghai (2019).

Nacido en Bogotá en 1968, é licenciado en Artes pola Universidade Nacional de Colombia, cun mestrado en Estética e Teoría da Arte da Universidade Autónoma de Madrid. Iniciou a súa práctica artística en 1992, empregando a fotografía, o vídeo e a instalación.

No seu traballo cuestiona o paradigma científico e os instrumentos que o lexitiman (a viaxe, os museos, o exotismo), á vez que reflexiona sobre os actos estéticos cotiáns. Como artista-viaxeiro, aproximouse as cuestionadas interpretación da antropoloxía física. E como pintor, vén traballando nunha nova representación da paisaxe baseada nas formas tradicionais da pintura ao aire libre, como no seu proxecto para o Museo de Pontevedra.

Desde 2008 realizou diferentes series pictóricas chamadas *Estudios comparados de Paisaje*. Estas obras constitúen un achegamento a territorios onde as accións do ser humano deron paso paso a modificacións bioclimáticas artificiais. A través de imaxes de animais, automóbiles, e paisaxes clásicas configura unha metáfora visual sobre as contradicións da pervivencia de tradicións culturais e as aspiracións da contemporaneidade. Achegándose á obra de Francisco de Goya como fonte de iconografía española, realizou a serie de intervencións a gravados titulada as *AutoMaquias* nas que, substituíndo a figura do toro de lidia pola imaxe de icónicos automóbiles deportivos españois, Baraya enfrota nunha soa imaxe diferentes estereotipos da identidade nacional. O seu último proxecto sobre o tema presentouno na Real Fábrica de Tapices de Madrid en 2023.



Detalle de 'Herbario de plantas artificiales', 2002. Baraya A. B. En colaboración de José Antonio de la Torre y José María de la Torre. Arte y Ciencia. 2002. 100 x 100 cm. 100 x 100 cm. 100 x 100 cm.



Rhino (Zoológico Nacional). Rhinoceros, Agnès y Gine. 2010. 100 x 100 cm. 100 x 100 cm. 100 x 100 cm.



El Paisaje. 2011. 100 x 100 cm. 100 x 100 cm. 100 x 100 cm.

Alberto Baraya. 2023



Deputación  
Pontevedra



MUSEO  
PONTEVEDRA

